

Ecoloxía lingüística

Rocío Leira Castro

Segundo premio do concurso Igualando a lingua 2010, convocado polo Concello de Cee

<http://www.concellocee.es/>

A realidade social do galego durante as últimas décadas estivo enmarcada en dúas tendencias de carácter oposto. Por un lado, observamos **COMO** por parte de certos sectores da sociedade produciuse un proceso orientado á substitución lingüística do galego pola lingua castelá, mentres que por outro, e paralelamente, xurdía unha etapa de revitalización social, orientada a que o galego acadara un esplendor inusitado, e á que **PODERIAMOS CHAMAR** como “o novo rexurdimento”.

O proceso de desgaleguización social, consistente na **A** substitución do galego polo castelán, supuxo **UN**ha perda lenta, pero continua de falantes habituais do galego, unha **HOMEN**axe á autodestrución da memoria colectiva. Este proceso de abandono da lingua, **QUE** tivo as súas causas no desprestixio social que o noso idioma padeceu durante moito tempo, orixinou que moitos pais galegofalantes lles falaran en castelán ós seus fillos, por considerar que o galego era unha lingua de pailáns, e **CONSENTISE**n **O DERRUBAMENTO DO** idioma que os arrolara no berce. Foi un proceso moi lento, debido entre outras causas, ó illamento e dispersión de moitos núcleos rurais, e tivo ritmos diferentes, pois estivo distribuído de maneira desigual, segundo o hábitat e os grupos de idade.

POR outra banda e paralelamente xurdiu un proceso cada vez máis intenso de revitalización social e ins**T**itucional da lingua galega, centrada en numerosas reivindicacións tanto sociais **CO**mo políticas que levaron a cabo os distintos sectores **DA** sociedade.

Así, a partir dos anos oitenta, e fundamentalmente, da aprobación da Lei de normalización lingüística, en 1983, comezou un proceso de **GLORIA**, no que se pretende outorgar á lingua galega o prestixio e os ámbitos de uso que merece.

Así **POIS**, con devandita lei, o gal**E**go comezou **CERTAMENTE**, o proceso **MÁIS BÁRBARO** de renovación, por parte de **QUEN**, anos antes o tivera represariado.

Por exemplo, a inserción do galego no ámbito universitario, e a súa presenza nos medios de comunicación públicos, supuxeron un cambio importante para a percepción social do galego, **DEIXA**ndo **MORRER** as connotacións negativas, que de modo intrínseco se asociaban ó nos **O IDIOMA**.

Estas dúas tendencias, en permanente controversia, sobreviven na actualidade. Así, mentres moitos se afanan na destrución e perda de poder da **OBRA** social do galego, en contraposición, xorden numerosas mostras **DE** apoio á nosa lingua, que cada vez ten unha maior presenza cultural e literaria, e se alza na actualidade como a manifestación máis sobresaínte de **ARTE** da identidade colectiva da sociedade galega.

Temos, pois, o caso de dúas linguas inseridas na colectividade, que permanentemente loitan por acadar a supremacía **INSUPERABLE** no que a expansión se refire. E aínda que os políticos se afanan en alcanzar unha certa harmonía, ou igualdade nos usos de ambas linguas, seguen existindo situacións de desequilibrio, herdadas historicamente, **FEITAS** de prexuizos, que fan que o galego nalgúns ámbitos (especialmente urbanos), siga tendo unha situación marxinal ou secundaria.

Nos últimos anos a **CON**troversia centrouse na presenza do galego no ensino, o cal derivou nunha certa crispación social.

A clase política débatese entre os posicionamentos de Galicia Bilingüe, que invoca o **AMOR** á liberdade lingüística como principal baluarte dos que se erixen en defensores

do castelán, presuntamente en perigo en Galicia, e os acérrimos defensores do galego, fartos do relegamento social, ó que **CON DOLOR**, historicamente estivo sometido o noso idioma.

Así, mentr**E**s os primeiros basean as súas reivindicacións no seu dereito a poder elixir **CON LEDICIA** a lingua na que educan ós seus fillos, os segundos, cansos de practicar unha paciencia activa respecto da aplicación real do plan de normalización lingüística, que a día de hoxe segue arredado de numerosos ámbitos (eclesiástico, xudicial...), malia estar recoñecido o seu uso en tales eidos **POLOS NOSOS** gobernos, consideran que a única forma de restaurar no posible a igualdade lingüística, que anceiaron os **ANTERGOS**, pasa irreversiblemente por políticas de discriminación positiva a prol do galego no ensino e na administración.

A situación non resulta doada de solventar, sen **QUE** as alongadas faces do odio, se cernan en certos sectores, e como todos sabemos, o odio é o peor territorio para que xermine a reflexión e a intelixencia, e de non superarse tal situación, sairemos perdendo todos.

Os galegos sabemos da importancia da igualdade de linguas, pero a día de hoxe, a dita igualdade non deixa de ser unha mera utopía, pois o noso idioma segue apreixado en gaiolas de estúpidos complexos, e aniquilado polo desprezo que moitos lle profesan.

Os políticos galegos, non deberían esquecer o significado histórico da lingua galega, que nós **RECIBIMOS EN HERDO, E QUE** representa o noso patrimonio comunitario e sinal de identidade do noso pobo. **TEMOS A OBRIGA** moral de conservalo e transmitilo.

A lingua non só é un vehículo de comunicación, senón tamén un símbolo de cohesión étnica, un modo **DE ENRIQUECER** o patrimonio da nosa identidade.

Forma parte do acervo dos bens de capital cultural que posuímos, de aí que a súa plena aceptación e normalización en tódolos ámbitos da sociedade, debería ser un obxectivo

ineludible, para a clase gobernante, que, **CO ESPÍRITO** enchido de orgullo, debería erixirse no pilar fundamental da defensa do galego.

Dende o meu punto de vista, as demandas **DOs** galegofalantes son perfectamente razoables, e nelas o que prima é a conciencia e a sensibilidade pola ecoloxía lingüística, e sobre todo o desexo de que o futuro non supoña unha perpetuación da secundarización do **NOSO** idioma.

Como galegofalante síntome orgullosa da nosa lingua e considero, que con cada palabra que falamos en galego, estamos festexando a memoria de milleiros de falantes que preservaron ó longo do **TEMPO** este tesouro, sen ningún recoñecemento oficial durante séculos.

Falando galego estamos honrando a herdanza que recibimos dos nosos pais e avós, e coa súa defensa, non estamos defendendo os nosos dereitos, senón os dos nosos fillos e netos.

Porque o idioma é a mellor obra de arte dun pobo, pois foi construída co sentir e co sufrir dos nosos antergos, ó longo de moitos séculos.

O que deixa morrer un idioma, non merece ter a gloria de falalo.

“¿COMO PODERIAMOS CHAMAR A UN HOME QUE CONSENTISE O DERRUBAMENTO DO PÓRTICO DA GRORIA? POIS É CERTAMENTE MÁIS BÁRBARO QUEN DEIXA MORRER O IDIOMA, OBRA DE ARTE INSUPERABLE, FEITA CON AMOR, CON DOLOR, E CON LEDICIA POLOS NOSOS ANTERGOS, QUE RECIBIMOS EN HERDO E QUE TEMOS A OBRIGA DE ENRIQUECER CO ESPÍRITO DO NOSO TEMPO.”

ALFONSO R. CASTELAO